

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:

ENFOCA.RME 2018

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA (EME)
UNIVERSIDADE DE VIGO.

BASES DO CONCURSO

1. A temática do concurso de fotografía **ENFOCA.RME 2018** son os Recursos Mineiros e Enerxéticos.
2. Admítense traballos tanto en **branco e negro** como **en cor**, realizados mediante calquera técnica fotográfica.
3. Admitiranse un máximo de 3 **obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente una delas poderá ser premiada.
4. As fotografías presentarase en formato de papel fotográfico, non podendo ser **inferior a 20 cm** ningunha das dimensións da copia.
5. A data límite de recepción de fotos será o **27 de novembro de 2018** ás 20:00 h. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
6. As fotografías poderanse **entregar** de dous xeitos:
 - a. De **xeito presencial**, na portería da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Universidade de Vigo. Campus de Vigo. 36310, Vigo (Pontevedra).
 - b. Enviándoas mediante **correo postal** a: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Universidade de Vigo. Campus de Vigo. 36310, Vigo (Pontevedra).
7. Cada unha das fotografías presentarase **nun sobre pechado**, dentro do cal deberá levar adxunto o seguinte material, coas características que a continuación se describen:

- a. Fotografía en formato **papel** co título da mesma no seu reverso, claramente escrito.
 - b. Fotografía en arquivo **dixital** (JPEG, .TIFF) gravada nun CD, DVD ou negativo escaneado.
 - c. Un **sobre pechado** que conterá o nome do autor/a e os seus datos de contacto (teléfono e correo electrónico). Na súa parte externa deberá ir escrito o título correspondente á fotografía.
8. O **xurado** estará formado por un/a representante da Cámara Mineira de Galicia, un/a fotógrafo/a profesional, unha persoa docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, unha persoa docente de Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por grao impartido na EME).
9. Os premios do concurso serán os seguintes:
- **CATEGORÍA SENIOR** (maiores de 18 anos):
 - Primeiro premio: Cámara réflex dixital valorada en 400€.
 - Segundo premio: Cámara dixital compacta ou cámara de vídeo *outdoor* valorada en 150€.
 - Accésit: Mochila fotográfica valorada en 50€.
 - **CATEGORÍA JUNIOR** (menores de 18 anos):
 - Primeiro premio: Cámara dixital compacta ou cámara de vídeo *outdoor* valorada en 150€.
 - Accésit: Pau *selfie* valorado en 30€.
10. O fallo do xurado será publicado na páxina web da EME (<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion/concurso-fotografico>) o día **3 de decembro** de 2018.
11. As fotografías gañadoras expoñeranse **temporalmente** no vestíbulo da EME xunto coas do resto de participantes. No caso de existir un número de fotografías tan elevado que non se permitise a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso encargárase de seleccionar un número apropiado para ese efecto..
12. A entrega de premios e acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante a celebración de Santa Bárbara, o **mércores 5 de decembro** de 2018, a última hora da mañá, no vestíbulo da EME.
13. As fotografías presentadas a concurso pasarán a **ser propiedade** exclusiva da EME e da Cámara Mineira de Galicia, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos ou publicacións. A EME e a Cámara Mineira de Galicia poderán facer o uso que consideren oportuno das mesmas. Nese caso, as fotografías utilizadas presentarán

sempre unha referencia ao seu autor/a.

14. A EME non se fai responsable **da incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.
15. O fallo do xurado será **inapelable**.
16. O concurso fotográfico **ENFOCA.RME 2018** poderá ser **anulado** se non se presentan un mínimo de fotografías.
17. O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.
18. A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.
19. Máis información en **eme.internacional@uvigo.es** ou no 986 81 22 05/986 81 40 77.

Anímate e plasma a túa creatividade!